


Rosalía de Castro

1837-1885




Vida

- Filla dunha fidalga e dun crego.
- Vive coa súa tía paterna en Ortuño.
- 1850 vai vivir coa nai a Santiago. Primeiros estudos e relaciónase cos mozos e mozas do Liceo de la Juventud (Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre).
- 1856 trasládase a Madrid. Publica os seus primeiros libros.
- Casa con Manuel Murguía, co que tivo 8 fillos e fillas.
- Polo traballo de Murguía, viviron en diferentes localidades de Galicia e de España.
- 1875 aséntase definitivamente na casa da Matanza, en Padrón.
- Morre de cancro en 1885. É enterrada en Padrón. Desde 1891 os seus restos están no Panteón dos Galegos Ilustres.





Rosalía, muller escritora en galego.

- Escribe nun tempo en que a muller estaba destinada exclusivamente ao traballo doméstico.
- Escolle a lingua galega, considerada naquel tempo un dialecto rústico, impropio da cultura.
- Fixo unha defensa continua da muller e das súas problemáticas.
- Todo iso fixo que fose obxecto de desprezos na súa época.
- Hoxe considéramola unha icona da rebeldía contra a sociedade patriarcal e unha defensora dos dereitos lingüísticos do pobo galego.



Obra

- En castelán escribiu:
 - Poesía: *La flor* (1857), *En las orillas del Sar*. (1884)
 - Novela: *El caballero de las botas azules* (1867)
- En galego escribiu:
 - *Conto gallego* (narración)
 - Poesía: *Cantares gallegos* (1863), *Follas novas* (1880)




Características da poesía de Rosalía de Castro

- Utiliza recursos das cantigas populares:
 - Paralelismos, comparacións, aliteracións, onomatopeas.
- Utiliza símbolos:
 - o cravo, a negra sombra, a espiña.
- A lingua que utiliza:
 - Baséase na fala popular de Santiago de Compostela.
 - Abunda o rexistro coloquial.
 - Usa unha sintaxe e un léxico sinxelos.



Cantares gallegos

- Publicado o 17 de maio de 1863.
- 36 poemas.
- A voz lírica é maiormente a dunha rapaza.
- Soe haber unha estrofa popular ao principio ou ao final do poema.
- Estrutura circular:
 - No primeiro poema pídeselle a unha rapaza que cante, e no último poema a mesma rapaza di que cantou, aínda que non coa graza que Galicia se merece.



Temáticas de *Cantares gallegos*

- **Costumista**

- Poemas descriptivos e narrativos con estampas da vida rural.
- Busca dignificar a forma de vida do rural.

- **Amorosa**

- Desde un punto de vista popular nárranse conflitos entre namorados.

- **Intimista**

- Tratan unha visión pesimista do amor, a dor ou a saudade.


- **Social**

- Denúnciase a emigración, o caciquismo e a miseria.



Follas novas

- Publicado na Habana en 1880.
- Fora escrito moitos anos antes.
- No prólogo ela mesma indica que esta obra se afasta do ton vitalista da anterior para ver a vida dun xeito máis pesimista.



Rosalía de Castro

1837-1885

Estrutura de *Follas novas*

- Estrutúrase en 5 partes e trata fundamentalmente 2 temáticas.

PARTES	TIPO DE POESÍA	TEMAS
I. Vaguedás	Poesía subxectiva: intimista (desacougo e angustia existencial)	Dor existencial, saudade, paso do tempo, morte, complexo de Polícrates (o medo á felicidade polo prezo que se pode pagar de tristura)
II. Do íntimo		
III. Varia	Poesía obxectiva: crítica social	Denuncia a pobreza dos labregos, a emigración ou a situación das mulleres no rural
IV. Da terra		
V. As viúvas dos vivos e as viúvas dos mortos		



Métrica en Follas Novas

- Orixinalidade métrica.
- Foi unha precursora de novidades posteriores.
- Fai combinacións métricas que non eran comúns naquel tempo.

